RISCOS DA VISITA

- A zona do estreitamento central do illote (Istmo) é a zona máis afectada pola erosión, polo que o seu uso público será limitado co fin de evitar unha maior degradación. Nesta área só se debera empregar a praia como zona de tránsito a pé e atraque cando as condicións non sexan seguras para facelo no extremo norte do illote.
- Non é recomendable a visita das persoas menores de idade sen o acompañamento de persoas adultas.
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non é responsable dos problemas que puidesen derivarse da súa estancia. O risco debe ser asumido pola persoa visitante baixo a súa responsabilidade.
- Debido a limitada superficie emerxida da praia do Areoso e co obxecto de garantir unha visita segura, os días que a cota mareal superen un nivel determinado no que a praia queda case totalmente cuberta pola auga, non se permitirá a visita ao illote, de tal xeito na aplicación non se permitirá visitas os días que isto suceda.
- O fondeo debe facerse na zona ou boias indicadas, e o atraque ou mellor dito "depósito" das embarcacións con ou sen motor debe realizarse nas áreas indicadas para cada unha delas (Figura 2).
- A entrada e saída de embarcacións para acceso o permanencia ao illote debe realizarse pola vía indicada (entre as boias verde e vermella) con precaución.

TELÉFONOS DE CONTACTO

1. Servizo de Atención e Información á Cidadanía:
   - Dende Galicia: 012 - 981 900 643
   - Dende fóra de Galicia: 981 900 643
   - Dende o estranxeiro: 00 34 981 900 643

2. Número Único de Emerxencias Europeo: Urxencias e emerxencias en materia sanitaria, extinción de incendios e salvamento, seguridade cidadá e protección civil: 112